

CURSO 2021/2022

VALORES ÉTICOS

ÍNDICE

Introdución

Pág.

1.- Contextualización	4
2.- Obxectivos.....	4
3.- Obxectivos da materia.....	5
4.- Contribución da materia á adquisición das competencias clave	6
5.- Contidos	9
6.- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.....	11
7.- Elementos transversais.....	19
8.- Metodoloxía	20
9.- Avaliación.....	21
10.- Avaliación extraordinaria	22
11.-Medidas de atención á diversidade.....	23
12.- Plans e actividades	23
13.- Materiais e recursos didácticos.....	24

INTRODUCCIÓN

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escollo do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter.

Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación. Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI “Virxe do Monte” é un centro público integrado dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia situado no concello de Cospeito (Lugo). Ten tódolos cursos de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria.

Características do alumnado:

Apréciase, en xeral, un bo rendemento escolar máis en moitos casos parece haber poucas perspectivas educativas de futuro. Non hai problemas de conduta importantes, máis aló dos propios da idade (adolescencia). En xeral o hábitat no que este alumnado reside é disperso. Este curso a materia de Valores éticos será impartida nos cursos de 1º, 2º e 4º de ESO.

2. OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.
2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.
5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.
10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecelas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
12. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.

13. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
15. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
16. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
19. Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.
20. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
23. Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
24. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.

4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuirase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal. Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital: Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre. Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal. Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance. Neste caso, os descritores que cumprirá adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

Aprender a aprender A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá. Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5. CONTIDOS

Bloque 1. A dignidade da persoa

1. A persoa e a súa dignidade ética.

- O concepto de persoa e as súas características.
- A autonomía moral.

2. A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.

- A intelixencia emocional e as súas características.
- Emocións, sentimentos e valores éticos.
- A vida intrapersoal e as virtudes éticas.
- As habilidades emocionais, segundo Goleman, e o desenvolvemento moral.
- A introspección.

3. A adolescencia, a crise da identidade persoal e os valores éticos.

- A adolescencia: as súas características e a crise da identidade persoal.
- O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
- Os grupos de adolescentes e os valores éticos.

4. A personalidade e os valores éticos.

- A personalidade e o seu proceso de construción.
- A autodeterminación e a adquisición das virtudes e dos valores éticos persoais.
- Actos, hábitos e carácter.
- A importancia da virtude en Aristóteles.

5. A autodeterminación e os valores éticos.

- O papel da liberdade e os valores éticos na construción da propia identidade e a súa autoestima.

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e a vida moral.

- A socialización e a interiorización das normas morais.
- A crítica racional como medio de superación social e cultural.
- A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
- Os valores éticos nas relacións entre o individuo e a sociedade.
- As virtudes éticas nas relacións interpersoais.
- A importancia das virtudes e dos valores éticos nas relacións interpersoais.
- O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.
- As relacións entre a sociedade e o individuo, o ámbito público e o privado, a liberdade individual e a social.

Bloque 3. A reflexión ética

1. As relacións entre ética e moral.

- A ética e a súa relación coa moral.
- A reflexión ética e o desenvolvemento humano.
- Os valores, características e xerarquía.
- Os valores éticos e a súa relación coa plena realización humana.

Bloque 4. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

1. Os dereitos humanos e a DUDH.

- Características dos dereitos humanos.
- As tres xeracións de dereitos humanos, orixe histórica e documental.
- Os dereitos da muller e da infancia no século XXI, a súa problemática específica e a necesidade da súa difusión e respecto.

Temporalización dos contidos:

Dado que son catro bloques de contidos de diferente extensión e complexidade, se traballarán os contidos do bloque 1 na primeira avaliación, os do bloque 2 na segunda avaliación e os bloques 3 e 4 na terceira avaliación, para que estean equitativamente repartidos.

6. CRITERIOS DE AVALUACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico. ▪ B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade. ▪ B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico. ▪ VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre. ▪ VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral". 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente. ▪ B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida. ▪ VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	conformarán.	elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	estrutura da súa personalidade.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa. ▪ B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral. ▪ B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Habilidades emocionais segundo Goleman. ▪ B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas. ▪ B1.13. Introspección: autoconhecimento, autocontrol e autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a d g m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos. B1.15. Persoa como proxecto vital. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VEB1.7.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> a b d e g h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. A natureza social do ser humano. B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade. B2.3. Os valores éticos como guías das relacións interpersoais na sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais. ▪ B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade. ▪ B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relación humanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición. ▪ B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.5.2. Amosa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Valores e virtudes éticas nas relación interpersoais. ▪ B2.13. Deber moral e cívico do auxilio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral. ▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Conduta instintiva animal e o comportamento racional, libre e moral do ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Liberdade e concepto de persoa. ▪ B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade. ▪ B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva. ▪ B3.7. Clases de valores. ▪ B3.8. Xerarquías de valores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa importancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h			▪ VEB3.4.2. Procura e selecciona información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.	▪ CD ▪ CSC
▪ a ▪ d ▪ h	▪ B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos.	▪ B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	▪ VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos.	▪ CSC
▪ a ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h	▪ B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.	▪ B3.6. Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.	▪ VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.	▪ CSC
			▪ VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co finde promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ h	▪ B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.	▪ B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.	▪ VEB5.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.	▪ CCL

Valores éticos.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero. ▪ B5.3. Dereitos da infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.2.3. Emrende, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL

7. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Nesta materia traballaremos os seguintes elementos transversais:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía co n actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

8. METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo. A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común. Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de role play.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

En consonancia coa evolución cognitivo-psicolóxico-afectiva do alumnado se debe favorecer o desenrolo dos alumnos nos distintos ámbitos da súa personalidade, tanto nas súas capacidades intelectuais, como nas súas capacidades de resolución de problemas reais, de participación, espírito crítico e creativo, de solidariedade e traballo en equipo e de formación de unha base equilibrada.

Partindo sempre dos coñecementos previos do alumno, tentaremos sempre fomentar una aprendizaxe significativa, combinando estratexias de exposición e de indagación. As estratexias de exposición convén que vaian acompañadas por actividades ou traballos complementarios. As estratexias de indagación tratan de enfrontar ós alumnos con situacións máis ou menos problemáticas nas que deberá poñer na práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes. As técnicas son moi variadas: investigacións simples, dramatizacións, debates, visitas e excursións, resolución de problemas...etc. Nas estratexias de indagación son importantes os proxectos de investigación (estudios ou traballos, de pequena envergadura, individualmente ou en grupo). Trátase de habituar os alumnos a enfrontar e resolver determinados problemas con certa autonomía, adquirir experiencia na busca e consulta de información e documentación. Ditas estratexias son moi útiles para o desenrolo e adquisición de hábitos, actitudes e valores.

Encontrar un equilibrio entre comprensión e memorización: a memorización dos contidos é una actividade cognitiva moi valiosa sempre que sexa comprensiva. A disposición favorable a aprender é unha condición ineludible para o aprendizaxe significativo. Isto debe ser tido en conta polo profesor, para espertar o interese dos seus alumnos. Fomentar a actividade construtiva do alumno, que o leve a modificar e reelaborar os seus esquemas de coñecementos, e a construír a súa propia aprendizaxe. Neste proceso, o profesor actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas.

Tamén é importante estimular a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións respecto do que se aprenden, de xeito que o alumno poida analizar o avance respecto das súas ideas previas. As aprendizaxes han de ser funcionais, asegurando que poidan ser empregadas nas circunstancias reais en que o alumno as necesite.

O profesor debe axusta-la axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilita recursos ou estratexias variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos de estas idades (tratamento a diversidade).

Para desenrolar a estratexia metodolóxica, se utilizarán exercicios prácticos:

- Presentación do material e do guión de traballo.
- Plantexamento de dilemas, comentario de noticias periodísticas, traballos de investigación, postas en común.
- Motivación do alumno mediante cuestións previas que tentan facer xurdir nel o interese por descubrir progresivamente posibles solucións.
- Explicacións por parte do profesor tentando limitalas a puntos claves, con síntese e análise.
- Realización de comentarios de texto por parte dos alumnos, seguindo unhas pautas oportunas e concretas.
- Organización de traballos en grupo e debates sobre temas que relacionen o estudado co mundo actual.
- Resolución de dúbidas.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

9. AVALIACIÓN

9.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na avaliación ordinaria a ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación será a seguinte:

- Porfolio do alumno*: 70% (total de tarefas incluídas 50 %, limpeza 10%, organización 10%)
- Comportamento: 20% (actitude na aula 10%, respecto ás normas 10%)

Durante a avaliación extraordinaria correspondente ao mes de setembro a cualificación do exame escrito derivará a nota final.

*Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares, utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e a súa evolución ao longo do curso.

9.2 PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL:

Realízase ao principio do curso e será de carácter oral. Mediante esta poderemos saber as nocións e os contidos que o noso alumnado necesita recalcar.

Será sempre seguindo os criterios de reforzo educativo recollidos e establecidos para os nosos alumnos/as nas concreción curriculares e tendo presente que a primeira axuda pedagóxica ó alumnado é o reforzo que nós realizamos na nosa materia, á diversidade do alumnado da nosa aula, axustando dita axuda individualmente (tendo sempre en conta as diferenzas individuais, as súas motivacións, características persoais e sociais, o contorno educativo...).

9.3 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os Procedementos de cualificación, avaliación e recuperación da materia tómanse en consenso con tódolos membros do departamento, e daranse conta deles ao principio de curso a todo o alumnado, para que deste xeito saiba como superar a área. En consonancia co PCC do centro e coa nosa materia, a avaliación será un medio e non un fin. Un proceso continuo e sistemático que atenda as necesidades individuais, tendo en conta a diversidade do alumnado. A Avaliación da nosa materia caracterízase por ser formativa.

Os Instrumentos utilizados para avaliación serán variados e poderán incluír:

- Preguntas orais en clase.
- Probas escritas durante a avaliación.
- Caderno de clase.
- Realización, entrega e exposición de exercicios e outras tarefas.
- Realización, entrega e exposición de traballos individuais ou en grupo.
- Etc.

No caso de ensinanza telemática, levarase ao cabo a avaliación utilizando os medios electrónicos dispoñibles do alumno: Boletíns, envío de actividades ou unha avaliación en directo a través dunha plataforma de videochat como pode ser CiscoWebex ou Zoom. Sempre tendo en conta os recursos dos que dispoña o alumno.

9.4 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN:

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

Aspectos para avaliar	Para destacar	Para mellorar	Proposta mellora persoal
Temporalización UDD			
Desenvolvemento estándares			
Claridade nos criterios de avaliación			
Recursos			
Atención á diversidade			
Porfolio evidencias			
Interdisciplinarietàade			

10. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Debemos ter en conta os criterios de promoción e titulación. Nesta convocatoria extraordinaria de setembro os profesores do departamento deseñarán para cada curso, unhas probas escritas (exames) que poderán conter preguntas de distintos tipos: curtas, tipo tema, tipo test, mapas, imaxes, textos, gráficos, exercicios prácticos, etc... segundo os contidos dados durante o curso e os criterios establecidos.

Avisando no mes de xuño aos alumnos suspensos, pódese pedir a presentación en setembro dalgún traballo ou tarefa. Sempre dando aos alumnos as oportunas especificacións da materia a que estará referido o traballo, así como as partes de que constará, e todo aquilo que sexa esencial e que

esixamos para que o traballo estea completo. A puntuación máxima que se dará ao traballo así como o mínimo necesario para aprobar.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A través da avaliación coñeceremos información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar. - Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

12. PLANS E ACTIVIDADES

12.1 PLAN LECTOR:

Traballárase ao longo do curso na integración de diferentes recursos que fomenten a lectura competente e a consolidación do hábito de lectura, tan deteriorado nos últimos anos.

A formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado:

Traballárase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos... en soporte impreso ou electrónico.

12.2 PLAN TIC:

No mundo actual é innegable a importancia que ten a competencia no tratamento da información e competencia dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

Por todo isto, dende o departamento trabállase en cada unidade didáctica con páxinas web, programas coma Google Earth, Google maps... e presentacións dixitais que tratan os contidos. Do mesmo xeito, os materiais audiovisuais (proxeccións de películas, documentos, imaxes...) Terán unha gran relevancia, xa que debe ser un obxectivo propio da área ensinar a "ler" documentos gráficos e imaxes en xeral.

12.3 PLAN DE CONVIVENCIA:

Dende a nosa materia contribuiremos ao Plan de Convivencia do centro de distintos xeitos:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- e) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

12.4 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Visitas culturais que constitúen cada ano unha serie de actividades complementarias e extraescolares co entorno onde está situado o centro ou máis lonxe, visitas culturais a exposicións, museos, monumentos, cine, teatro, empresas, etc... organizadas polo departamento ou en colaboración con outros.

Neste curso 2021/2022 aínda non se propuxeron actividades complementarias ou extraescolares debido á situación sanitaria provocada pola Covid-19. Sen embargo, ao longo do curso poderanse engadir distintas actividades.

13. MATERIALES Y RECURSOS DIDÁCTICOS

É preciso adiar unha atención especial ó emprego de distintos materiais e recursos didácticos. O énfase posto na ensinanza de procedementos, implica a utilización na aula de materiais e recursos didácticos moi variados.

O material dado polo profesor serviranos de base para o traballo diario, mais non será o único material didáctico, senón combinado con outros recursos coma apuntes, documentos, diapositivas, mapas, gráficos, documentais...etc

A continuación facilitamos unha relación dos materiais e recursos que imos utilizar nas aprendizaxes da área:

Libros de texto.

Libros de consulta (enciclopedias, dicionarios)

Obras xerais de historia, xeografía, arte, economía, política...

Anuarios, Censos

Planos, gráficos, fotografías

Esquemas

Textos e documentos para análise

Revistas e prensa

Atlas, mapas históricos, cuadernillos de exercicios e actividades

Vídeos, películas, diapositivas

Música

CD, DVD, programas informáticos

Biblioteca

Visitas Culturais

Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.

Será de gran importancia nesta materia o material audiovisual do centro e as distintas web destinadas a esta materia como:

www.proyectoeduca.net

<http://rincones.educarex.es/humanidades/index.php/es/valores-eticos/valores-eticos-1-eso>

Dita programación foi aprobada en reunión de departamento en data do 14 de setembro de 2021.

.

